




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Muxía. Parroquias: San Xulián de Moraima. Extensión: 2,41m2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estruturada a partir do complexo sedimentario da praia de Area Maior, ao que chegan dous cursos fluviais con gran poder definitorio no relevo. Ao este, o río Negro desemboca encaixado entre as vertentes de Pena da Serra, dando lugar a un canón que acadada pendentes de ata o 60%. No centro e oeste da enseada, o río Moraime percorre a chaira costeira, que se vai estreitando cara ao suroeste, entre as elevacións montañosas de Pena da Forca e Os Cotros. Cara ao oeste, o ascenso polas ladeiras realízase de forma máis progresiva, mentres que é máis abrupto ao este, xunto ao leito do mencionado río, conformando así un val fluvial disimétrico.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está incluída na área do granitoide migmático hercínico, con nebulitas na zona de Serantes. A fronte costeira pode contar con depósitos antigos pleistocénicos. O Cuaternario tamén conta con depósitos areais e, detrás destes, depósitos holocenos que non teñen unha adscripción clara polo momento.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Pequena cunca costeira de clima suave e húmido. Temperatura media anual por riba de 15°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano poden chegar a 1400mm, sen baixar de 1200mm. Dominio climático Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Os depósitos sedimentarios de Area Maior configuran un sector de solos tipo arenosol álbico e háplico. No tramo final do Rego de Moraime, pouco antes da desembocadura, fórmanse fluvisóis úmbricos e gleicos e na vertente traseira desenvólvense solos tipo cambisol e umbrisol dístrico.


AS AUGAS

Na Enseada de Merexo desembocan dous cursos fluviais de entidade: o río Negro ao este e o arroyo de Moraime ao oeste. Ambos os dous recollen as augas da cunca para verteras á Ria de Camariñas (Augas Costeiras 20136).

O PATRIMONIO NATURAL

As praias de Area Maior e Vilaverde, ademais da desembocadura do Río Negro inclúense no LIC Costa da Morte. Esta unidade está dentro do que se delimitou como área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Costa sedimentaria que contén, a pesar da profunda transformación humana do medio, interesantes espazos. Na liña de costa destacan os medios areosos intermareais, HIC 1140, ademais dun moi pequeno sector de marismas na desembocadura do Río Negro, xunto aos ambientes de duna do grupo 21, "Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico". No interior, aparecen importantes bosques de ribeira: polo menos 2,5ha no Rego de Moraime e 2ha no Río Negro. O Rego de Moraime acompáñase, ademais, de áreas hidromorfas con prados húmidos que poden achegar os hábitats 6420 de prados mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430 de megaforbios eutrofos higrófilos. Na zona de Moraime aparecen masas importantes de frondosas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio de uso agrícola nas partes baixas da unidade, especialmente na vertente norte do val do Rego de Moraime, cunha gran continuidade ao longo de toda a vía. As masas arbóreas de repoboación, utilizadas para explotación forestal ocupan as ladeiras dos montes que delimitan a unidade, o Monte de San Roque ao noroeste, Os Cotros ao sur e Pena da Serra ao este. Os usos residenciais concéntranse nos núcleos dos Muíños, Moraime e Oruxo, sen se estender polo territorio.

MORFOLOXÍA

Os asentamentos que hai na unidade (Os Muíños, Moraime, Casas Novas e Oruxo) son os catro de orixe tradicional e non teñen experimentado apenas crecemento (agás o primeiro). Os Muíños, situado ás ribeiras do Río Negro moi próximo xa á súa desembocadura, era orixinariamente un núcleo de estrutura alveolar, con pequenas agrupacións de vivendas adaptándose á caída da pendente. Atravesado na súa parte sur pola AC-440, esta provocou que o crecemento se organizase ao longo da vía, en sentido perpendicular ao leito do río. Moraime, Casas Novas e Oruxo sitúanse na vertente norte do val de Moraime, marcando a cota a partir da que se deixa de cultivar o terreo e pasa a utilizarse para aproveitamentos forestais. Estes non experimentaron practicamente ningún crecemento, mantendo a compacidade e morfologías orixinais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-440, que une Vimianzo con Muxía, atravesa a unidade deste a oeste, cunha traza sensiblemente paralela á costa, e cruzando o núcleo dos Muíños e rodeando o de Moraime. Desde esta, unha serie de camiños que formaban parte da estrutura parcelaria tradicional dotan de accesibilidade á costa e permiten o acceso ao resto do territorio. Na zona suroeste da unidade, próximo a Casas Novas, ao fondo do val de Moraime, unha actuación de agrupación parcelaria superpuxo un tecido ortogonal á estrutura do solo tradicional.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade encontramos un importante depósito arqueolóxico, o cofecido como Depósito romano de Moraime que inclúe restos dunha vila rural e unha fonte monumental romana, ademais de posteriores intervencións visigodas e baixomedievais. O Mosteiro de Moraime, aínda que non existan documentos que acrediten a data de fundación, data da metade do século XI. Na actualidade só se conserva a igrexa románica do século XII, Monumento histórico-artístico. O asentamento de Moraime está declarado como Conxunto histórico-artístico, incluíndo o catálogo da Casa da Reitoría, dúas casas populares, unha fonte e varios cruceiros, e nos Muíños existe unha casa rexistrada como patrimonio etnográfico. O Camiño de Fisterra-Muxía (o único Camiño de Santiago que ten á cidade como orixe, e non como chegada) atravesa o ámbito en sentido este-oeste no seu tramo que, desde Hospital, se desvía cara a Muxía.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade está fortemente condicionada polas súas características xeomorfolóxicas, xa que a peculiar forma encaixada do val condiciona a maneira en que se asentou a poboación e construíu o seu territorio. Os dous vales que converxen na Praia de Area Maior conservan aínda a traza do intenso labor agrario que acolleron e testemuñan as diferentes etapas polas que pasaron (as formas redondeadas das primeiras agras de cultivo, as tramas reticulares da concentración parcelaria...). As zonas con maior pendente, menos fértiles ou máis afastadas dos núcleos de referencia sustentan plantacións arbóreas de repoboación, ás veces sobre un parcelario que noutro momento foi agrícola. O paso do Camiño de Santiago (baixa de Pena da Serra, atravesa os Muíños, pasa polo antigo Mosteiro de Moraimo e continúa coa subida ao Monte de San Roque) fai que as conexións transversais sexan máis importantes que as relacións que se xeran coa costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución desta paisaxe caracterízase por non sufrir alteracións especialmente fortes ou modificacións importantes nos usos ou as tendencias residenciais. Non apareceron novos asentamentos, nin desenvolvementos relacionados con novas actividades (como as turísticas ou as industriais) que supoñan alteracións importantes nos modelos de ocupación do territorio. O núcleo dos Muíños medrou ao longo da estrada AC-440, estirando o asentamento orixinal mediante tipoloxías novas de vivenda unifamiliar, pero sen borrar con iso a estrutura parcelaria orixinal. Como en todo o territorio galego, a diminución da actividade agrícola supuxo o abandono de certas parcelas e a extensión da superficie forestal.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade diversa, pois nela apréciase distintos elementos que aumentan a súa expresividade plástica; como son o areal dos Muíños, o val conformado polo río Negro, os campos de cultivo ou as elevacións montañosas poboadas de frondosas que deixan entrever os núcleos tradicionais que alberga a chaira da unidade. A fronte costeira desta unidade ten un especial valor ambiental e paisaxístico, o que a fai pertencer ao LIC Costa da Morte e á área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. A desembocadura do río Negro, formando unha pequena ferverza ao final dun canón que verte case directamente ao mar, no extremo oriental da Praia de Area Maior, é un dos elementos naturais máis salientables do ámbito. Os montes que delimitan a unidade, coa súa cuberta forestal continua, xeran un contraste cos vales ocupados por cultivos agrícolas entre os que xorde o alto dos Pexegos, ao lado do mar entre as desembocaduras do Moraimo e o Negro, xerando unha paisaxe acoutada cunha lectura unitaria. Desde o Praia de Area Maior a paisaxe ábrese á enseada, xerando unha relación directa coa Punta das Chans e a Punta do Corpiño de Chorente. Desde a costa cara ao interior as conexións visuais son menos evidentes, incluíndo as que poida haber ao longo dos vales, debido aos accidentes xeográficos que caracterizan o interior da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



